



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Outubro 2021

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Outubro 2021

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 4,3% en Galicia en outubro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 2,5%.
- Por produtos, as vendas diminúen en Alimentación un 4,3% e no Resto de produtos un 6,7%.
- As vendas minoristas aumentan en tres comunidades autónomas no mes de outubro.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 3,6% en Galicia no mes de outubro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 5,5%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 2,1% en Galicia e do 1,9% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Outubro 2021				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	104,0	-4,3	2,3
	Xeral sen estacións de servizo	104,3	-5,3	1,9
	Alimentación	99,6	-4,3	-1,3
	Resto	107,1	-6,7	4,4

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 4,3% en Galicia en outubro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 2,5%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 5,3% en Galicia e un 3,1% en España respecto a outubro de 2020. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 4,3% en Galicia e un 1,3% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 6,7% en Galicia e do 5,1% no conxunto do Estado.

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 2,3% en Galicia e un 3,7% no conxunto de España. As vendas en Alimentación diminúen tanto en Galicia, -1,3%, como en España, -1,1%. No Resto de produtos aumentan as vendas, 4,4% en Galicia e 6,9% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -2,7%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas crecen en tres comunidades autónomas: Illes Balears (6,5%), Canarias (2,8%) e Madrid (1,9%). Os maiores descensos rexístranse en Asturias (-7,2%) e Castilla y León (-5,9%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro 2021

Taxas de variación en %



No que vai de ano, todas as comunidades aumentan as vendas agás Extremadura (-0,8%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (8,7%) e Madrid (8,5%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 3,6% en Galicia no mes de outubro de 2021, e un 5,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 0,5% en Galicia e un 2,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación diminúen un 2,7% e no Resto de produtos aumentan un 3,0%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 0,4% e no Resto de produtos un 5,1%.

Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	115,0	3,6	6,9
Xeral sen estacións de servizo	114,4	0,5	5,5
Alimentación	109,7	-2,7	0,2
Resto	117,4	3,0	9,7



No acumulado do ano, o índice xeral rexistra unha taxa do 6,9% en Galicia e do 8,1% no conxunto do Estado.

As vendas en Alimentación aumentan no que vai de ano un 0,2% tanto en Galicia como en España. No Resto de produtos, as vendas crecen un 9,7% en Galicia e un 12,4% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 2,1% no mes de outubro en Galicia e do 1,9% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación rexistra unha taxa do 0,1% en Galicia e do 0,2% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en outubro en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (5,2%) e Comunitat Valenciana (2,9%).

No que vai de ano, cinco comunidades autónomas perden emprego. Os maiores descensos rexístranse en Canarias (-3,8%) e La Rioja (-1,1%). As comunidades onde máis aumenta o emprego son Comunitat Valenciana (1,9%), Aragón e País Vasco (1,2%).

Índice xeral de ocupación. Outubro 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	115,0	3,6	6,9	104,0	-4,3	2,3
Xeral sen estacións de servizo	114,4	0,5	5,5	104,3	-5,3	1,9
Alimentación	109,7	-2,7	0,2	99,6	-4,3	-1,3
Resto	117,4	3,0	9,7	107,1	-6,7	4,4
España						
Xeral	113,9	5,5	8,1	103,0	-2,5	3,7
Xeral sen estacións de servizo	113,0	2,9	6,5	103,2	-3,1	3,1
Alimentación	116,3	0,4	0,2	105,2	-1,3	-1,1
Resto	110,4	5,1	12,4	101,2	-5,1	6,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Outubro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	115,0	5,0	7,2	105,4	-2,7	2,8
Xeral sen estacións de servizo	114,9	2,0	6,0	106,5	-3,4	2,3
Alimentación	110,4	-1,0	0,5	101,0	-2,1	-0,9
Resto	117,6	4,3	10,5	111,0	-4,3	5,4
España						
Xeral	113,7	6,4	8,5	104,4	-0,7	4,3
Xeral sen estacións de servizo	113,0	4,3	7,0	105,0	-1,5	3,7
Alimentación	114,4	0,7	0,4	104,1	-0,6	-0,9
Resto	112,2	6,4	13,2	105,4	-3,2	7,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Outubro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,9	5,5	8,1	103,0	-2,5	3,7
Andalucía	111,5	4,5	7,3	101,2	-3,1	3,1
Aragón	113,1	5,3	6,8	102,1	-3,3	2,1
Asturias	106,0	0,6	4,5	96,8	-7,2	0,3
Balears, Illes	118,5	15,9	14,1	107,4	6,5	8,7
Canarias	101,8	9,4	3,8	92,6	2,8	1,0
Cantabria	109,7	4,7	8,4	98,8	-3,2	3,8
Castilla y León	105,8	2,7	5,1	94,8	-5,9	0,4
Castilla-La Mancha	116,9	3,7	6,0	104,4	-5,2	1,2
Cataluña	107,6	4,3	8,0	96,5	-3,5	3,6
Comunitat Valenciana	114,1	4,5	8,3	103,9	-3,6	3,6
Extremadura	101,5	2,5	3,4	91,8	-5,3	-0,8
GALICIA	115,0	3,6	6,9	104,0	-4,3	2,3
Madrid	133,6	10,1	12,8	121,4	1,9	8,5
Murcia, Región de	112,7	2,2	6,5	103,4	-4,8	2,7
Navarra	113,0	2,7	5,3	101,5	-5,7	0,4
País Vasco	110,9	1,6	6,2	99,4	-5,8	1,9
Rioja, La	115,7	4,6	5,4	104,4	-4,1	1,1
Ceuta	83,9	1,6	-0,5	76,8	-4,8	-4,1
Melilla	80,9	-3,6	-3,5	73,0	-10,7	-7,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Outubro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,5	2,1	0,1
Xeral sen estacións de servizo	103,1	2,1	0,1
España			
Xeral	103,5	1,9	0,2
Xeral sen estacións de servizo	103,4	1,9	0,2

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Outubro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,5	1,9	0,2
Andalucía	100,3	1,7	0,0
Aragón	105,6	2,6	1,2
Asturias	103,9	0,4	-0,3
Baleares, Illes	107,6	5,2	0,4
Canarias	101,7	0,5	-3,8
Cantabria	103,4	1,2	0,1
Castilla y León	104,4	2,0	0,9
Castilla-La Mancha	101,0	0,8	0,6
Cataluña	102,0	1,7	-0,2
Comunitat Valenciana	109,9	2,9	1,9
Extremadura	101,8	1,5	0,6
GALICIA	103,5	2,1	0,1
Madrid	104,5	2,0	0,7
Murcia	103,1	0,6	-0,1
Navarra	102,6	2,1	0,1
País Vasco	104,2	2,5	1,2
Rioja, La	105,1	0,2	-1,1
Ceuta	98,4	-1,2	-1,2
Melilla	99,4	-1,0	-1,8

Fonte: INE